

AS DIABÓLICAS

H. G. Clouzot, 1955

1156

ESTREA EN NUMAX: 16.08.2023 | V.O.S.E. | 114 min

O director dun colexio, o señor Delasalle, convive coa súa esposa e a súa amante, a profesora Horner. Pero as dúas mulleres, cansas de sufrir a constante tiranía e malos tratos do home que comparten, deciden que esa situación non pode continuar...

«Unha das mellores películas de Hitchcock que Hitchcock non fixo»

Sukhdev Sandhu, TELEGRAPH



Diabólica

Por Danny Peary

Logo de rematar *As diabólicas* (1955) o aclamado director e guionista francés Henri-Georges Clouzot (1907-1977) confesou que a súa única intención era facer un filme para divertirse el mesmo e que ao mesmo tempo fose do agrado dunha nena que baixo as sabas pide a seus pais que lle conten un relato de medo antes de durmir. "Comecei a rodaxe como se fose un xogo". Porén, o xogo de nenos axiña acadou o recoñecemento dun clásico do terror para adultos, arrepiante de máis para os nenos e nenas deste mundo.

De feito, antes de *Psicose* (1960), de Alfred Hitchcock, a arrepiante obra mestra de Clouzot considerábase o mellor filme artístico de terror xamais realizado. Non en van, o propio Hitchcock, influencia confesa de Clouzot, declarou estar en débeda co cineasta francés, con que coincidía en moitas cousas, ademais do pouco respecto que sentían cara aos actores, aos que Hitchcock chamaba "gando" e Clouzot "instrumentos". Ademais das similitudes da trama, os xiros da historia, os dispositivos de suspense, os personaxes extravagantes ou o humor morboso, Hitchcock colleu para *Psicose* a mesma enxeñosa estratexia de Clouzot de impedir que ninguén puidese acceder á sala unha vez iniciada a proxección d'*As diabólicas*. A querenza de Hitchcock por Clouzot queda patente cando, dous anos antes, asina *Vertigo* (1958) a partir do libro *D'entre les morts* de Pierre Boileau e Thomas Narcejac, os escritores da novela *Diabolique, C'elle qui n'était plus*.

(...) Ao igual que en *Psicose*, *As diabólicas* foi imitada tantas veces que o seu xiro final probablemente non sorprenderá os espectadores debutantes, aínda que a secuencia culminante deba arrefriar a caluga de calquera. O virtuosismo cinematográfico de Clouzot é impresionante, particularmente nun final tan inquietante como desolador, unha mirada que xa puidemos detectar n'*O corvo* (1943) ou *O salario do medo* (1953).

Coma sempre no seu cinema, a película está fortemente actuada, ten un ritmo aberto á tensión e o suspense e conta coas necesarias doses de maldade e perversión que crean un ambiente opresivo e inquietante. Estamos ante un filme no que a heroína planea un asasinato a sangue frío; toda unha escena está centrada en servir e comer peixe en mal estado (rumoréase que na rodaxe o peixe estaba realmente podre para que os actores interpretasen mellor a escena); a escola en ruínas, os nenos barullentos e os mestres severos creaban un combo perfecto; a auga, símbolo habitual de pureza e nacemento da vida, equipárase aquí coa morte (ao igual que en *Psicose*).

As diabólicas é sen dúbida o traballo dun artista maiúsculo pero mancado, que pasou varios anos da súa vida adulta en sanatorios tentando recuperarse da súa enfermidade, pero non do seu cinismo.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Las diabólicas,
H. G. Clouzot.
a contracorrientefilms [DVD]

Las diabólicas,
Pierre Boileau e Thomas
Narcejac.
Siruela, 2022

Psicosis,
Alfred Hitchcock.
Universal Pictures [BD]